

MOD.420 - COMUNICACIÓN PREVIA AO INICIO DE ACTOS DE EDIFICACIÓN E USO DO SOLO E SUBSOLO

DATOS DO SOLICITANTE:

| | |
|----------------------------------|----------|
| NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL: | DNI/NIF: |
|----------------------------------|----------|

E NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse mediante calquera medio válido en dereito indicando cales son as facultades que se outorgan):

| | |
|----------------------------------|----------|
| NOME e APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL: | DNI/NIF: |
|----------------------------------|----------|

DATOS A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Notifíquese a: Persoa solicitante Persoa representante

**As persoas obrigadas a relacionarse coa administración de xeito electrónico deberán optar, en todo caso, pola notificación a través de medios electrónicos, non sendo válida ningunha outra forma (artigo 14.2 da Lei 39/2015 de PAC)*

Medio de notificación: Papel Medios electrónicos

**As notificacións que se practiquen en papel estarán tamén a disposición da persoa indicada anteriormente na sede electrónica ou no Punto de Acceso Xeral Electrónico da Administración, para que poidan acceder ó seu contido de xeito voluntario.*

| | | |
|------------------------|----------------|-----------|
| ENDEREZO: | CONCELLO: | |
| PROVINCIA: | CÓDIGO POSTAL: | TELÉFONO: |
| DIRECCIÓN ELECTRÓNICA: | | |

DATOS DO ACTO

| | |
|-----------------------|-------------------------|
| DESCRIPCIÓN: | |
| LOCALIZACIÓN: | |
| REFERENCIA CATASTRAL: | ORZAMENTO EXEC MAT (€): |

COMUNICO E DECLARO:

Que, de conformidade co establecido na Lei 2/2016 do Solo de Galicia, é a miña pretensión a execución dos actos de edificación/uso do solo ou subsolo descritos, e nas condicións sinaladas.

MANIFESTO EXPRESAMENTE E BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE que é certo o que manifesto e:

- Que as actuacións non se encontran incluídas no ámbito de aplicación do artigo 142.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se achega esta COMUNICACIÓN en aplicación do artigo 142.3 da mesma e que concorren os requisitos administrativos aplicables para a realización do obxecto da mesma,
- Que cumprirei cos requisitos esixidos pola normativa de aplicación e mantereire as medidas correctoras precisas para a correcta execución da actuación e permanecerán no lugar da edificación/uso do solo ou subsolo, a disposición dos servizo de inspección municipais, unha copia desta comunicación e da documentación que a acompaña.

AUTORIZO: aos efectos da normativa de protección de datos de carácter persoal, a esta administración, á comprobación telemática con outras Administracións Públicas de datos declarados e demais circunstancias relativas ao exercicio da actividade.

DATA DE INICIO DAS INSTALACIÓNS/OBRAS: ____ / ____ / ____

(De non sinalarse, entenderase que comezan ó día seguinte da finalización do prazo de 15 días hábiles, de conformidade co establecido no artigo 146.2 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia)

No dorso deste impreso indícase a documentación que haberá de achegar con esta comunicación.

Sarria, ____ de ____ de ____

Asdo: A persoa solicitante ou representante

DOCUMENTACIÓN QUE DEBERÁ ACHEGAR CON ESTA COMUNICACIÓN

- **Datos identificativos** da persoa física ou xurídica promotora e, no seu caso, de quen a represente, así como unha dirección a efectos de notificacións. No caso de ser un acto comunicado por unha sociedade ou comunidade de bens, haberá de achegar copia da escritura ou documento de constitución e/ou Estatutos ou acto fundacional da Sociedade, así como da Tarxeta CIF, e copia do DNI (ou documento que faga as súas veces) da persoa representante da Sociedade, e documentación acreditativa da representación.
- No caso de actuar en **representación**, autorización escrita do titular ou copia de poder para representalo.
- **Manifestación expresa** de que a comunicación previa presentada cumpre en todos os seus termos coa ordenación urbanística de aplicación.
- **Descrición técnica** das características do acto de que se trate ou, no seu caso, proxecto técnico legalmente esixible, que conterá:
 - **Memoria explicativa** das actividades que se comunican, na que se describa con suficiente detalle as que se desexa realizar, co fin de coñecerlo contido e alcance delas, e poder determinar se se axustan ó planeamento urbanístico e demais normativa que lles sexa de aplicación (perfectamente interpretable, indicando a situación dentro da parcela e/ou edificación e a relación de materiais de acabado que se van empregar). Cando, polo tipo de acto, sexa necesario, o Concello poderá esixir a presentación de planos acoutados de planta, sección e alzado do que se pretende executar, acompañado de planos anexos a esta solicitude, nos que se reflicta perfectamente o construído actualmente, o cumprimento das condicións de volume, estética, etc., que se sinalan nas normas urbanísticas de aplicación.
 - **Situación e localización** do inmovible no que se realizará a actividade comunicada en Plano das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal e Catastro.
 - **Orzamento** estimado pormenorizado con indicación das unidades de obra e os prezos unitarios.
 - **Fotografías** do estado actual.
- Copia das **autorizacións, concesións administrativas ou informes sectoriais** cando foran legalmente esixibles ó solicitante.
- **Manifestación expresa declarando baixo a responsabilidade do solicitante** que para a execución dos actos comunicados non se ocupará o dominio público (nin solo nin voo):
- **Autorización** ou documento de avaliación ambiental, en caso de requirila o uso ó que se destinen as obras.
- **Xustificante** de pagamento dos tributos municipais correspondentes.
- **Data** de inicio da actividade comunicada.

PECHE DE TERREOS:

- **Esbozo** da parcela, no que se indicarán os lindeiros, ancho dos camiños estremeiros, etc., así como a ubicación do peche que se pretende executar, acoutando as distancias ás vías de comunicación, e lindeiros.
- **Identificación** (copia de licencia de obras, de actividade..) das edificacións existentes na parcela (no seu caso)
- Lonxitude e altura do peche (con alturas desglosadas no seu caso) e materiais que se empregarán.

RÓTULOS/TOLDOS:

- Identificación do Establecemento / Actividade publicita ou á que dará servizo.
- Deseño a escala / Croquis Acoutado do Rótulo.
- Indicación da Clase de Rótulo, materiais e cores: apegado/sáinte/con luz/sen luz/neon...
- Indicación das medidas e ubicación exacta: longo, ancho, distancia da base do rótulo á beirarrúa, metros a partir da fachada, etc.

OBRAS INTERIORES EN VIVENDA COMUNITARIA:

Para a execución de obras que inclúan a demolición de tabiques en vivenda comunitaria, haberá de achegar informe pericial asinado por técnico competente (arquitecto ou arquitecto técnico), que conterá o seguinte:

- Descrición detallada das obras que se pretenden realizar.
- Plano a escala axeitada da distribución actual da vivenda.
- Plano a escala axeitada da distribución da vivenda unha vez realizadas as obras.
- Certificación de que a realización das obras non afecta á estrutura portante do edificio.
- Certificación de que a realización das obras non afecta ás zonas comúns do edificio.
- Certificación de que a realización das obras non afecta ás instalacións comúns do edificio.
- Certificación de que a nova distribución cumpre o establecido na normativa autonómica de habitabilidade de vivendas.